



FACULTADE DE FILOLOXÍA
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

MÁSTER OFICIAL

ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS.

IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS

A Europa Medieval: Perspectiva histórico- social

Diana Pelaz Flores
Israel Sanmartín Barros
José Miguel Andrade Cernadas (Coordinador)

GUÍA DOCENTE 2021/2022



FACULTADE DE FILOLOXÍA. FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

AUTORES:

Diana Pelaz Flores

Israel Sanmartín Barros

José Miguel Andrade Cernadas (Coordinador)

Edición electrónica. 2021

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código: A Europa Medieval: perspectiva histórico-social; P5091102
- Tipo de materia: (obrigatoria / optativa) Materia obligatoria (1º Cuadrimestre do Máster en Estudos Medievais Europeos)

Número de créditos teóricos e prácticos: 6 (18 horas expositivas + 24 interactivas + 6 de titoría)

- Cuadrimestre: 1º
- Prerrequisitos recomendados: ningún
- Profesores que a imparten (indicando a área de coñecemento a que están adscritos): Diana Pelaz Flores (Hª Medieval), Israel Sanmartín Barros (Hª Medieval), José Miguel Andrade Cernadas (Hª Medieval)
- Lingua(s) en que se imparte: Galego e Castelán
- Horas e lugar de titorías:
 - Diana Pelaz Flores (despacho 231 da Facultade de Xeografía e Historia/ correo: diana.pelaz@usc.es): Martes, Mércores e Xoves de 11 a 13 h.
 - Israel Sanmartín Barros (despacho 232 da Facultade de Xeografía e Historia / correo: israel.sanmartin@usc.es): Luns, Martes, Mércores e Xoves de 12 a 14 h.
 - José Miguel Andrade Cernadas (despacho 226 da Facultade de Xeografía e Historia / correo: josemiguel.andrade@usc.es): Luns e Mércores, de 11 a 14 h.
- Páxina web recomendada: <http://www.usc.es/filrom/teaching/master/>

- Calendario e horario detallado de clases (indicando lugar de impartición):

A materia impartirase en horario de 16,00 a 18,00 horas os días seguintes:

Setembro 2021: 6,7,8, 13, 14, 15, 20, 21, 22, 27, 28, 29

Outubro 2021: 4, 5, 6, 11, 13, 18, 19, 20, 25

Novembro 2020: 2, 3, 4, 9

Aulas 3 e 6, Facultade de Xeografía e Historia

2. SENTIDO DA MATERIA NO PROCESO FORMATIVO DO MÁSTER

* Dispor de novas vías de aproximación que permitan un coñecemento máis profundo e complexo das sociedades medievais. Para iso, optamos por enfocar este achegamento as sociedades medievais, seguindo os temas que se especifican nos obxectivos específicos da materia

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

* Estudo da evolución seguida polas principais construcións políticas do Occidente cristián

4. CONTIDOS, TEÓRICOS E PRÁCTICOS

A)- Nas clases expositivas

Introdución á formación e desenvolvemento das grandes construcións políticas medievais

- 1.- A descomposición do Imperio romano de Occidente e o xurdimento das primeiras monarquías
- 2.- A reaparición do Imperio en Occidente: Carlomagno e o mundo carolinxio
- 3.- A atomización do poder público. A crise do modelo carolinxio e o nacemento dun poder de base privada
- 4.- Un novo Imperio: Otón I e as orixes do Sacro Imperio Romano Xermánico
- 5.- O difícil triunfo das monarquías europeas: a Inglaterra normanda
- 6.- O difícil triunfo das monarquías europeas: a Francia Capeta
- 7.- O panorama hispánico: séculos X-XII
- 8.- A loita polo *Dominium Mundi*: Papado e Imperio
- 9.- Entre o pactismo e o regalismo: o panorama político na Europa do século XIII
- 10.- Guerra, fiscalidade e nación: a realeza da Europa do século XIV
- 11.- De cara ao nacemento dos estados modernos: o século XV
- 12.- O mapa político de Europa a finais da Idade Media
- 13.- Novas tendencias na historiografía política sobre a Idade Media

B) Nas clases interactivas

6 Setembro 2020: Primeira titoría: J. Andrade: 17,00-17,20; I. Sanmartín: 17,20-17,40; D. Pelaz: 17,40-18,00

7 Setembro: Clases expositivas. Temas 1 e 2 (Andrade)

8 Setembro: Clase Interactiva, 16,00-17,00: Lectura e comentario de Halsall, G., *Worlds of Arthur. Facts and Fictions of the Dark Ages*, Oxford, 2013, pp. 157- 183 (Andrade); Clase interactiva, 17,00-18,00: Lectura e comentario de Davies, N., *Reinos desaparecidos. La historia olvidada de Europa*, Barcelona, 2013, pp. 13-47

13 Setembro: Clases expositivas. Temas 3 e 4 (Andrade)

14 Setembro: Exposición dos alumnos sobre crónicas, *annales* e historias altomedievais (Andrade)

15 Setembro: Clase expositiva 16,00-17,00: tema 5; Clase Interactiva, 17,00-18,00: ¿Cómo se explica a historia política da Europa altomedieval noutras universidades? Unha ollada aos Yale Open Courses (Andrade)

20 de Setembro: Clases expositiva 16,00-17,00: tema 6; Clase Interactiva, 17,00-18,00: Comentario da lectura de Bloch, M., *Los reyes taumaturgos*, México, 1988, pp. 35-56 e 81-87; (Andrade)

- 21 de Setembro: Clase expositiva 16,00-17,00 Temas 7; Clase Interactiva, 17,00-18,00: Trabajo por determinar (Andrade)
- 22 de Setembro: Clases expositivas. Temas 8 e 9 (Sanmartín)
- 27 de Setembro: Clases Interactivas; 18,30-19,30: Exposición alumnos sobre as fontes históricas do ano Mil; 19,30-20,30: Lecturas recomendadas: ¿Qué es la historia ahora? / David Cannadine (ed.) ; La historia política. Algunos conceptos básicos (Beramendi, Justo), Historia del pensamiento político en la Edad Media (Ullmann, Walter); Comentario da lectura: Principios de gobierno y política en la Edad Media (Ullmann, Walter) (Sanmartín)
- 4 de Outubro: Clases Interactivas; 18,30-19,30: La ficción y la historia política da Plena e Baixa Idade Media: Walking Dead; 19,30-20,30: Poly, Jean-Pierre y Bournazel, Éric, El cambio feudal (siglos X-XII), Editorial Labor, Barcelona; Lecturas recomendadas: The Individual and society in the Middle Ages (Ullmann, Walter) y Barthélemy, Dominique, *El año mil y la paz de Dios. La Iglesia y la sociedad feudal*, Universidad de Granada; Universitat de València, Granada, 2005. (Sanmartín)
- 5 de Outubro: Clases expositivas: Temas 10 e 11 (Pelaz)
- 6 de Outubro: Clases Interactivas: 18,30-19,30: Comentario da lectura de Bois, G., *La gran depresión medieval: siglos XIV-XV: el precedente de una crisis sistémica*, Valencia, 2006, 161-188; Clases interactivas: 19,30-20,30: Trabajo sobre textos cronísticos baixomedievais (Pelaz)
- 11 Outubro: Clase expositiva: 18,30-19,30: Tema 12; Clase Interactiva: 19,30-20,30: Trabajo sobre textos cronísticos baixomedievais (Pelaz)
- 13 Outubro: Clase expositiva: 18,30-19,30: Tema 13; Clase Interactiva: 19,30-20,30 debate sobre la idea de cambio medieval. Libros: Astarita, Carlos, Del feudalismo al capitalismo : cambio social y político en Castilla y Europa occidental, 1250-1520, Universitat de València, Valencia, 2005; T.H. Aston y C.H.E. Philpin, eds., El Debate Brenner : estructura de clases agraria y desarrollo económico en la Europa preindustrial, Crítica, Barcelona, 1988 (Sanmartín)
- 18 Outubro: Clases Interactivas: La historia política realmente existente. Libro Pedro Roche Arna (coord.), El pensamiento político en la Edad Media, Fundación Ramón Areces, Madrid, 2010. (Sanmartín)
- 19 Outubro: Clases Interactivas: Exposición Trabajos alumnos (Pelaz)
- 20 Outubro: Clases Interactivas: Exposición Trabajos alumnos (Pelaz)
- 25 Outubro: Clases Interactivas: Exposición Trabajos alumnos (Pelaz)

5. BIBLIOGRAFÍA

- Abulafia, D., *The Western Mediterranean kingdoms, 1200-1500: the struggle for dominion*, London, 1997
- Barbero, A., *Carlomagno*, Barcelona, 2001
- Bisson, T.N., *La crisis del siglo XII. El poder, la nobleza y los orígenes de la gobernación europea*, Barcelona, 2010
- Bois, G., *La gran depresión medieval: siglos XIV-XV: el precedente de una crisis sistémica*, Valencia, 2006
- Boto, G. (dir.), *910-1230. Reino de León. Hombres, mujeres, poderes e ideas*, León, 2010
- Colás, A., *Imperio*, Madrid, 2009
- Contamine, P., *La Guerra en la Edad Media*, Barcelona, 1984
- Diago Hernando, M., *El Imperio en la Europa medieval*, Madrid, 1996
- Dunbabin, J., *France in the Making: 843-1180*, Oxford, 1985
- Fossier, R., *La infancia de Europa*, Barcelona, 1984
- González Jiménez, M., *Alfonso X el Sabio*, Barcelona, 2004
- Guenée, B., *Occidente durante los siglos XIV y XV: los estados*, Barcelona, 1985
- Guillot, O., *Des origines à l'époque féodale*, Paris, 1999
- Halsall, G., *Worlds of Arthur. Facts and Fictions of the Dark Ages*, Oxford, 2013
- Iradíel, P. – Moreta, S. – Sarasa, E., *Historia medieval de la España cristiana*, Madrid, 1995
- La Patourel, J., *Feudal Empires : Norman and Plantagenet*, London, 1984
- Le Patourel, J., *The Norman Empire*, Oxford, 1997
- Martín, J.L., *Las Cortes medievales*, Madrid, 1989
- Richardson, H.G., *The English Parliament in the Middle Ages*, Londres, 1981
- Schramm, P.E., *Kaiser Rom und renovatio : studien zur geschichtes des römischen erneuerungsgedankens von Ende des Karolingcjen Reiches bis zum investiturstreit*, Darmstadt, 1957
- Schramm, P.E., *Las insignias de la realeza en la Edad Media española*, Madrid, 1960
- Valdeón, J - Herbers, K. - Rudolf, K. coordinadores, *España y el "Sacro Imperio": procesos de cambios, influencias y acciones recíprocas en la época de la "europeización" (siglos XI-XIII)*, Valladolid, 2002
- Wickham, C., *Una historia nueva de la Alta Edad Media: Europa y el mundo mediterráneo, 400-800*, Barcelona, 2008

6. COMPETENCIAS QUE SE DEBEN ACADAR

- * Capacidade de análise das lecturas efectuadas
- * Ser capaces de desenvolver con claridade os temas nos que os alumnos teñan traballado persoalmente
- * Identificar e coñecer as liñas xerais da evolución política e social europea na Idade Media

7. METODOLOXÍA E RECURSOS

A materia consta de 6 créditos ECTS, equivalentes a 150 horas de traballo do alumno. Deste conxunto, 75 horas (50%) dedicaranse a traballo dirixido polos profesores e as outras 75 horas (50%) a traballo libre por parte dos alumnos. As horas de traballo dirixido distribuiranse en 45 de actividades formativas presenciais (o que supón o 30% do traballo total) e 30 de actividades dirixidas non presenciais.

As actividades formativas presenciais que se realizarán son as seguintes:

- 1) Clases teóricas dedicadas á explicación e comprensión dos contidos obxecto de estudo. Esas clases serán impartidas polo profesor, pero nalgún caso solicitarase para as exposicións a colaboración dalgún alumno ou grupo de alumnos. Para as explicacións utilizaranse os recursos tecnolóxicos de apoio (audiovisuais e informáticos) oportunos.
- 2) Clases prácticas dedicadas á lectura de textos e recensión. Estas clases prácticas estarán dirixidas polo profesor, pero buscarán a participación activa do alumno, tanto no desenvolvemento e resolución de exercicios realizados colectivamente no aula, como na preparación persoal fose do aula dalgún exercicio, para a posterior posta en común no aula. Tamén para as clases prácticas usaranse os recursos tecnolóxicos que poidan ser útiles.
- 3) Tutorías individuais ou en grupo reducido para o seguimento do proceso de aprendizaxe e para o seguimento, no seu momento, da elaboración do traballo.

8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Para avaliar os resultados da aprendizaxe utilizaranse os métodos e criterios que a continuación se detallan, e as cualificacións correspondentes indicaranse de acordo coa lexislación vixente:

- 1) Avaliación continua, para a que se valorará a participación activa e continuada do alumno nas actividades presenciais desenvolvidas. Suporá o 30% da cualificación total.
- 2) Un traballo académico suporá o 70% restante da cualificación total. Constará dun único traballo escrito e o tema do traballo será acordado co Coordinador da asignatura. A extensión máxima do traballo é de 15 folios. Valorarase a calidade da redacción e do contido, que deberán reflectir o dominio dos principais rudimentos metodolóxicos e o coñecemento dos contidos básicos da materia. O traballo entregarase en versión papel ao docente da materia baixo cuxa dirección foi elaborado. Advertencia sobre plaxio e “autoplaxio”

Nos traballos das materias debe evitarse toda forma de plaxio e, mesmo, de autoplaxio. É dicir, non é lícito aproveitar partes duns traballos noutros aínda que sexan da autoría do mesmo estudante.

Terase, xa que logo, especial vixilancia con esta práctica. Cando nun traballo se detecte a copia literal (total ou parcial), dun parágrafo porase en coñecemento do estudante para que o modifique. No caso de que non teña en conta estas indicacións, o traballo pode ser cualificado como Suspenso. En calquera caso, queda sometida á decisión do grupo de profesores da asignatura a consideración dos casos particularmente ambiguos.

- 3) O traballo debe entregarse antes do día 14 de Xaneiro de 2022 en primeira oportunidade e o 17 de Xullo de 2022 para a segunda oportunidade

- 4) O sistema de avaliación é o mesmo para a primeira que para a segunda oportunidade
- 5) Os alumnos que dispoñan de dispensa oficial de asistencia a clase teñen que dar conta da actividade interactiva por escrito. De cada unha das interactivas deben entregar un comentario escrito dunha extensión máxima de tres follas. Para a parte expositiva da materia deberá poñerse en contacto co Coordinador para acordar un plan mínimo de lecturas

PLAN DE CONTINXENCIA

No caso de ser implementado o “Escenario 2: distanciamento” definido pola USC

METODOLOXÍA DA ENSINANZA:

Combinarase a docencia presencial coa virtual.

- 1) A docencia expositiva será impartida maioritariamente de xeito virtual, a partires do emprego dos mecanismos tecnolóxicos postos a disposición pola USC: aula virtual da materia, correo electrónico, ferramenta TEAMS para conexión síncrona, etc. A gravación de vídeos coas clases expositivas por parte do profesorado para seren postos a disposición do alumnado na aula virtual complementarase coa posibilidade de impartir algunhas clases a través da ferramenta para video-conferencias e reunións TEAMS. Así mesmo, proporcionarase ao alumnado materiais bibliográficos e gráficos de apoio en formato pdf, ppt, así como enlaces a páxinas web e outros materiais audiovisuais on-line que sexan axeitados como complementos de carácter didáctico e formativo.
- 2) A docencia práctica interactiva será impartida maioritariamente de xeito presencial. Estas clases están pensadas cunha finalidade práctica e de participación activa do alumnado, polo que se conciben como foros de posta en común de conceptos e métodos de análise e estudo, de resolución de dúbidas, e de ampliación e clarificación de determinados aspectos abordados nas clases expositivas, tendo como marco de desenvolvemento a presencialidade na aula.

Estas clases prácticas interactivas de carácter presencial constituirán un mecanismo de autoevaluación continua dos coñecementos adquiridos polos alumnos ao longo das clases expositivas e de avance da súa aprendizaxe autónoma.

SISTEMA DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE:

Manterase o desenvolvemento dunha avaliación continua integrada por dous elementos complementarios:

- 1) O 30% da nota final da materia corresponderá á avaliación de pequenos ensaios de reflexión, comentarios, resumos e recensións sobre cuestión diversas a partires dos materiais bibliográficos, documentais e gráficos proporcionados para tal finalidade polo profesorado, e que dun xeito sistemático haberán de ser realizados polo alumnado e entregados por escrito ao profesorado para a súa avaliación (como sistema de seguimento da aprendizaxe). Estas tarefas, que haberán de ter unha especial relevancia na súa realización e posta en común durante as clases interactivas, alternarán a realización individual coa grupal por parte do alumnado. E tamén se incluírá a posta en común e presentación oral dalgunhas destas tarefas durante estas clases interactivas presenciais.
- 2) O 70% da nota final da materia corresponderá á realización dun traballo individual de análise e revisión bibliográfica dun aspecto concreto da materia obxecto de estudo desta asignatura. Para iso o profesorado asesorará a cada alumno no deseño estrutural e de bibliográfica básica, e mesmo lle proporcionará materiais documentais e/ou gráficos, así como bibliográficos específicos, cos que poder desenvolver de xeito óptimo o devandito traballo. Unha vez entregado por correo electrónico no prazo fixado, o profesorado revisará e corruxirá o devandito traballo, outorgando a xusta cualificación ao mesmo.

En todas estas tarefas que haberá de realizar en entregar o alumnado para a súa avaliación por parte do profesorado, e seguindo as indicacións normativas da USC referidas ao plaxio e ao uso indebido das tecnoloxías na realización de tarefas ou probas, é preciso indicar que para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de

avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

No caso de ser implementado o “Escenario 3: peche das instalación” pola USC

METODOLOXÍA DA ENSINANZA:

Só se poderá desenvolver a docencia de xeito virtual.

- 1) A docencia expositiva será impartida exclusivamente de xeito virtual, a partires do emprego dos mecanismos tecnolóxicos postos a disposición pola USC: aula virtual da materia, correo electrónico, ferramenta TEAMS para conexión síncrona, etc. A gravación de vídeos coas clases expositivas por parte do profesorado para seren postos a disposición do alumnado na aula virtual complementarase coa posibilidade de impartir algunhas clases a través da ferramenta para video-conferencias e reunións TEAMS. Así mesmo, proporcionarase ao alumnado materiais bibliográficos e gráficos de apoio en formato pdf, ppt, así como enlaces a páxinas web e outros materiais audiovisuais on-line que sexan axeitados como complementos de carácter didáctico e formativo.
- 2) A docencia interactiva será impartida tamén exclusivamente de xeito virtual. Estas clases están pensadas cunha finalidade práctica e de participación activa do alumnado, polo que se conciben como foros de posta en común de conceptos e métodos de análise e estudio, de resolución de dúbidas, e de ampliación e clarificación de determinados aspectos abordados nas clases expositivas. Neste caso terán como marco de desenvolvemento as plataformas e ferramentas virtuais como TEAMS, o “foro” e outras aplicación e ferramentas de intercomunicación da aula virtual da materia, así coma o propio correo electrónico. Estas clases interactivas constituirán un mecanismo de autoevaluación continua dos coñecementos adquiridos polos alumnos ao longo das clases expositivas e de avance da súa aprendizaxe autónoma.

SISTEMA DE AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE:

Manterase o desenvolvemento dunha avaliación continua:

- 1) O 30% da nota final da materia corresponderá á avaliación de pequenos ensaios de reflexión, comentarios, resumos e recensións sobre cuestión diversas a

partires dos materiais bibliográficos, documentais e gráficos proporcionados para tal finalidade polo profesorado, e que dun xeito sistemático haberán de ser realizados polo alumnado e entregados por escrito ao profesorado para a súa avaliación (como sistema de seguimento da aprendizaxe) por medio do correo electrónico ou dos instrumentos e ferramentas que para tal finalidade están contidos na aula virtual. Estas tarefas, que haberán de ter unha especial relevancia na súa realización e posta en común durante as clases interactivas que se poidan desenvolver on-line, poderán alternar a realización individual coa grupal por parte do alumnado.

- 2) O 70% da nota final da materia corresponderá á realización dun traballo individual de análise e revisión bibliográfica dun aspecto concreto da materia obxecto de estudo desta asignatura. Para iso o profesorado asesorará a cada alumno no deseño estrutural e de bibliográfica básica (con especial atención ás referencias bibliográficas disponibles on-line), e mesmo lle proporcionará materiais documentais e/ou gráficos, así como bibliográficos específicos, cos que poder desenvolver de xeito óptimo o devandito traballo. Unha vez entregado por correo electrónico no prazo fixado, o profesorado revisará e corraxirá o devandito traballo, outorgando a xusta cualificación ao mesmo.

En todas estas tarefas que haberá de realizar en entregar o alumnado para a súa avaliación por parte do profesorado, e seguindo as indicacións normativas da USC referidas ao plaxio e ao uso indebido das tecnoloxías na realización de tarefas ou probas, é preciso indicar que para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

9. ORGANIGRAMA DO DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

CLAVE DOS TIPOS DE ACTIVIDADE: CE = Clase expositiva; CI = Clase interactiva; S = Seminario; TE = Titoría especializada

Setembro 2021 (23 horas)

ACTIVIDADE	Nº HORAS E TIPO:
6 Setembro: Titorías cos profesores	1 TE
7 Setembro: Temas 1 e 2	2 CE
8 Setembro: Clase Interactiva: Lectura e comentario de Halsall, G., <i>Worlds of Arthur. Facts and Fictions of the Dark Ages</i> , Oxford, 2013, pp. 157- 183; Clase interactiva: Lectura e comentario de Davies, N., <i>Reinos desaparecidos. La historia olvidada de Europa</i> , Barcelona, 2013, pp. 13-47	2 CI
13 Setembro: Temas 3 e 4	2 CE
14 Setembro: Exposición dos alumnos sobre crónicas, <i>annales</i> e historias altomedievais	2 CI
15 Setembro: Clase expositiva: tema 5; Clase Interactiva: ¿Cómo se explica a historia política da Europa altomedieval noutras universidades? Unha ollada aos Yale Open Courses	
20 Setembro: Clases expositiva: tema 6; Clase Interactiva: Comentario da lectura de Bloch, M., <i>Los reyes taumaturgos</i> , México, 1988, pp. 35-56 e 81-87;	
	1 CE, 1 CI
21 Setembro: Clase expositiva Temas 7; Clase Interactiva,: Trballo por determinar	
	1 Ce, 1 CI
22 Setembro: Clases expositivas: Temas 8 e 9	2 CE
	1 CE, 1 CI
27 Setembro: : Clases Interactivas: Exposición alumnos sobre as fontes históricas do ano Mil:Lecturas recomendadas: ¿Qué es la historia ahora? / David Cannadine (ed.) ; La historia política. Algunos conceptos básicos (Beramendi, Justo), Historia del	

pensamiento político en la Edad Media (Ullmann, Walter); Comentario da lectura:
Principios de gobierno y política en la Edad Media (Ullmann, Walter) 2 CI

28 Setembro: Clases Interactivas: La ficción y la historia política da Plena e Baixa
Idade Media: Walking Dead: Poly, Jean-Pierre y Bournazel, Éric, El cambio feudal
(siglos X-XII), Editorial Labor, Barcelona; Lecturas recomendadas: The Individual and
society in the Middle Ages (Ullmann, Walter) y Barthélemy, Dominique, El año mil y
la paz de Dios. La Iglesia y la sociedad feudal, Universidad de Granada; Universitat de
València, Granada, 2005. 2 CI

29 Setembro:

Clases expositivas: Temas 10 e 11 2 CE

Outubro 2021 (18 horas)

ACTIVIDADE

Nº HORAS E TIPO

4 Outubro: Clases Interactivas: Comentario da lectura de Bois, G., *La gran depresión
medieval: siglos XIV-XV: el precedente de una crisis sistémica*, Valencia, 2006, 161-
188; Clases interactivas: Trabajo sobre textos cronísticos baixomedievais 2 CI

5 Outubro: Clase expositiva: Tema 12; Clase Interactiva: Trabajo sobre textos
cronísticos baixomedievais 1 CE 1 CI

6 Outubro: Clase expositiva: Tema 13; Clase Interactiva: debate sobre la idea de
cambio medieval. Libros: Astarita, Carlos, *Del feudalismo al capitalismo : cambio
social y político en Castilla y Europa occidental, 1250-1520*, Universitat de València,
Valencia, 2005; T.H. Aston y C.H.E. Philpin, eds., *El Debate Brenner : estructura de
clases agraria y desarrollo económico en la Europa preindustrial*, Crítica, Barcelona,
1988 1 CE 1 CI

11 Outubro: Clases Interactivas: La historia política realmente existente. Libro Pedro
Roche Arna (coord.), *El pensamiento político en la Edad Media*, Fundación Ramón
Arecas, Madrid, 2010 2 CI

13 Outubro: Exposición traballo alumnos; 2 CI

18 Outubro: Exposición traballo alumnos; 2 CI

19 Outubro: Exposición traballo alumnos; 2 CI

20 Outubro: Titorías 2 TI

10. RECOMENDACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO MONOGRAFICOINDIVIDUAL

En función do tema da súa elección, cada estudante traballará baixo a tutela dun dos profesores da materia, unha vez acordado co Coordinador da asignatura o tema elexido, e dispoñerá de prazo ata o día que aparece fixado na guía docente para entregar a versión definitiva do traballo escrito, que deberá aterse ás seguintes pautas:

- Trátase dun traballo de iniciación á investigación, polo que ten que combinar as observacións persoais co estado da cuestión sobre o tema.
- Resulta fundamental a observación atenta dos materiais obxecto de estudo.
- Non se debe abusar das citas bibliográficas extensas; é preferible recoller as ideas principais e remitir ás obras en cuestión para completar a información.
- Extensión máxima: quince folios, en letra de corpo 12, con interlineado de 1,5 liñas (agás para as notas a rodapé, que irán en corpo 10).
- Bibliografía: ó final do traballo, seguindo un dos seguintes modelos:
 - a) Apelido, N. (ano), *título*, lugar: editorial. // Apelido, N. (ano), “título”, *revista*, vol., pp. // Apelido, N. (ano), “título”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, pp.
 - b) Apelido, N., *título*, lugar: editorial, ano // Apelido, N., “título”, *revista*, vol., ano, pp. // Apelido, N., “título”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, ano, pp.
- Referencias bibliográficas no texto do traballo ou en notas a rodapé: abreviadas: a) Apelido, ano:pp.; b) Apelido, *tít.abrev.*, pp.
- Coidarase de xeito especial a redacción e a puntuación.
- Non pode faltar un índice ó principio do traballo, nin unha breve introducción que explique os obxectivos que persegue.

- Advertencia sobre plaxio e “autoplaxio”
- Nos traballos das materias debe evitarse toda forma de plaxio e, mesmo, de autoplaxio. É dicir, non é lícito aproveitar partes duns traballos noutros aínda que sexan da autoría do mesmo estudante.
- Terase, xa que logo, especial vixilancia con esta práctica. Cando nun traballo se detecte a copia literal (total ou parcial), dun parágrafo porase en coñecemento do estudante para que o modifique. No caso de que non teña en conta estas indicacións, o traballo pode ser cualificado como Suspenso. En calquera caso, queda sometida á decisión do grupo de profesores da asignatura a consideración dos casos particularmente ambiguos.